



Recomendacións para a presentación da tese de doutoramento

Este documento ten por obxecto indicar os requisitos mínimos de estilo e presentación que debe ter unha tese de doutoramento da Universidade da Coruña. Recolle criterios de aplicación a todas as teses, independentemente do ámbito científico, co obxectivo de facilitar a identificación correcta, a presentación coherente dos contidos e unha ampla difusión.

Inclúe tamén normas de presentación da tese en formato electrónico e indicacións sobre dereitos de autor para a súa publicación posterior no Repositorio da Universidade da Coruña (RUC).

Estas son as seccións nas que se organiza:

1. [Estrutura e partes da tese doutoral](#)
2. [Requisitos técnicos do arquivo](#)
3. [Dereitos de autor da tese doutoral e publicación no Repositorio Institucional \(RUC\)](#)

1. Estrutura e partes da tese de doutoramento

1.1. Portada ([enlace ao modelo](#))

É a primeira folia da tese, onde deben figurar os datos principais da obra.

A portada debe conter uns datos obrigatorios para a identificación e recuperación da tese de doutoramento. Ademais, estes datos seguirán unhas pautas de estilo que facilitarán a súa correcta indexación e recuperación por buscadores xerais e especializados.

As pautas de estilo dos datos da portada son descritas a continuación:

- **Título:**
 - Aparecerá en primeiro lugar na portada e destacado tipograficamente. Recoméndase un tamaño de letra de 24 puntos.
 - O título completo irá sempre nun mesmo parágrafo.
 - Non se usarán maiúsculas fóra da palabra inicial do título (salvo que as normas ortográficas así o indiquen).
 - Recoméndase usar o menor número de palabras e non inserir abreviacións, acrónimos, códigos ou símbolos.
- **Autor/a:**
 - O/a autor/a aparecerá despois do título, destacado, pero sempre en menor tamaño que o título. Recoméndase un tamaño de letra entre 16 e 23 puntos. Para favorecer a recuperación, recoméndase normalizar o nome da persoa autora.

Para saber como normalizar o nome da persoa autora nas publicacións, consultar o apartado [A firma científica](#) na guía [A identificación da autoría na UDC](#).

Os outros datos da portada, descritos a continuación, terán sempre un tamaño de letra menor que o do/a autor/a e o do título. Recoméndase un tamaño de 12 puntos.

- Tipo de traballo, no idioma que corresponda: Tese de doutoramento /Tesis doctoral / *Doctoral Thesis*.
- Ano.
- Director/a da tese.



- Titor/a da tese.
- Nome do Programa de Doutoramento no que se presentou a tese.
- Universidade da Coruña (xunto co logotipo).

1.2. Elementos preliminares

Algúns destes elementos son opcionais. A súa inclusión farase de acordo coa seguinte orde:

- **Acreditación da persoa que dirixe a tese indicando** que cumpre os requisitos para optar ao grao de doutor/a. Se a tese pretende obter a mención internacional, debe indicarse nese certificado.
- **Dedicatoria** (opcional).
- **Agradecementos** (opcional).
- **Resumo:**
 - O resumo incluírase preferentemente en galego, español e inglés, e precedido en cada caso polo termo resumo/resumen/abstract.
- **Prefacio ou prólogo.** É a introdución á tese, onde se inclúen os motivos, as finalidades e os obxectivos do estudo.
- **Índice ou táboa de contidos:**
 - Conterá os títulos das principais subdivisións da tese cos números de páxina onde se atopan.
 - Para as táboas e figuras crearase un índice diferente.
- **Listaxe de abreviacións**, se existen.

1.3. Corpo da tese

É a parte fundamental, onde se expón a investigación. Habitualmente, ten esta estrutura: estado da arte, hipótese e obxectivos, metodoloxía, resultados, discusión e conclusións.

Xeralmente, divídese en capítulos numerados. Cada un deles debe empezar nunha nova páxina.

1.4. Citas e referencias bibliográficas

Unha citación recollerase no texto entre comiñas ("").

A cita e a referencia breve, que identifica a fonte da que sacamos a información, recollerase a pé de páxina ou entre paréntese.

1.5. Bibliografía

Recollerá a listaxe de referencias bibliográficas consultadas.

Chamaremos a este elemento Bibliografía ou Referencias. Non usaremos outros termos, nin combinaremos ambos (Referencias bibliográficas, Bibliografía e referencias...).

Recoméndase numerar a listaxe de bibliografía.

Para ampliar a información, consultar a guía [Citas e referencia bibliográficas](#).

1.6. Anexos

Os anexos recollen información máis detallada, explicacións técnicas, mapas, planos ou calquera outra información complementaria. Cada anexo debe empezar nunha nova páxina. Se hai varios anexos, identificaranse precedidos pola palabra Anexo (Anexo A...).

A paxinación debe seguir a do texto principal.



1.7. Índices

Un índice é unha listaxe de palabras significativas coa indicación da páxina onde se atopan. É preciso indicar o tipo de índice: toponímico, xeral, onomástico, etc.

1.8. Presentación da tese por compendio de artigos de investigación

Para poder presentarse nesta modalidade, a tese debe cumprir os requisitos esixidos no artigo 21 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da UDC. Ademais, deberá seguir as indicacións recollidas neste documento e, especificamente, deberá incluír:

- Unha **introdución**, que conterá:
 - Unha xustificación razoada da unidade e coherencia temática e metodolóxica da tese.
 - Os obxectivos que cómpre alcanzar.
 - Unha discusión xeral que dote de coherencia e unidade aos diferentes traballos.
 - As conclusións.
 - A bibliografía común.
- Unha **copia íntegra das publicacións**, xa sexan publicadas ou con aceptación definitiva para a súa publicación, onde conste necesariamente o nome e a filiación do/a autor/a.

Deben aparecer claramente explícitos os nomes e a filiación de todos os/as coautores/as, a súa orde, así como a referencia completa da publicación, a editorial e o ISSN ou ISBN.

No caso dos artigos con aceptación definitiva para a súa publicación e que na presentación da tese aínda non estean publicados, engadirase o código de identificación do mesmo (o DOI nas publicacións dixitais).
- Ningún dos artigos incluídos poderá ser anterior á data de matriculación no programa de doutoramento.

1.9. Idioma de redacción da tese de doutoramento

De acordo co artigo 20 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da UDC, a tese de doutoramento redactarase, como norma xeral, en lingua galega, castelá, ou o idioma de uso común no seu campo de coñecemento. A Escola Internacional de Doutoramento poderá autorizar a redacción noutro idioma, logo de que a CAPD informe favorablemente e garanta que o tribunal estea en condicións de avaliala.

Se se redacta nunha lingua distinta do galego ou do castelán, deberase incluír no propio volume da tese un anexo que conterá un resumo de, polo menos, tres mil palabras en galego ou en castelán.

2. Requisitos técnicos do arquivo

2.1. Formato

A tese presenta un formato electrónico nun ou varios arquivos (recoméndase o formato PDF), que poderán incluír ligazóns de hipertexto e información multimedia. Poderán achegarse tamén arquivos doutros tipos (imaxes, programas de ordenador, información multimedia, etc.) en formatos coñecidos (TIFF, JPG, MPG...).

2.2. Seguranza

Os arquivos electrónicos non terán ningunha protección tecnolóxica para garantir a recuperación por buscadores xerais e especializados.



2.3. Número e tamaño dos arquivos

A tese presentárase nun único arquivo, sempre que non exceda de **1GB**. Se o tamaño do documento é maior, poderase partir a tese en varios arquivos de menor tamaño. Empregaranse tantos arquivos como foren necesarios, inserindo en cada un deles a portada.

2.4. Nome dos arquivos que conteñen o documento principal

Os nomes dos arquivos deberán seguir as seguintes pautas (para todos os exemplos posteriores, consideraremos a tese de doutoramento defendida en 2025 por Xosé Manuel Pérez López):

- Se o documento principal da tese consta dun só arquivo, este chamarase:
PerezLopez_XoseManuel_TD_2025.pdf
- Se este documento principal da tese estiver formado por tres arquivos, estes chamaranse:
PerezLopez_XoseManuel_TD_2025_01de3.pdf
PerezLopez_XoseManuel_TD_2025_02de3.pdf
PerezLopez_XoseManuel_TD_2025_03de3.pdf

No caso de que haxa varias persoas co mesmo primeiro nome e o mesmo primeiro apelido que lean a súa tese de doutoramento no mesmo ano, a Biblioteca, antes da súa publicación no Repositorio, pode verse obrigada a realizar algunha modificación no nome dos arquivos.

Nunca se usarán espazos, nin acentos, nin o ñ no nome dos arquivos, co fin de asegurar a compatibilidade con todos os navegadores.

2.5. Nome doutros arquivos

No caso de arquivos adicionais doutros tipos (imaxes, programas de ordenador, información multimedia, etc.) en formatos coñecidos (TIFF, JPG, MPG...), poderase indicar o tipo de arquivo que envía e a extensión propia deste arquivo, e a súa identificación seguirá unha pauta similar á dos que conteñen o documento principal.

- Así, o arquivo dun vídeo en formato MPG (o cuarto dun total de sete) podería chamarse:
PerezLopez_XoseManuel_TD_2025_Video_04de7.mpg
- A numeración destes arquivos é correlativa á dos arquivos do documento principal:
PerezLopez_XoseManuel_TD_2025_01de4.pdf
PerezLopez_XoseManuel_TD_2025_02de4.pdf
PerezLopez_XoseManuel_TD_2025_03de4.pdf
PerezLopez_XoseManuel_TD_2025_Video_04de4.mpg

Poderanse definir vínculos para acceder a estes contidos desde os arquivos electrónicos que forman o documento principal da tese de doutoramento.

3. Dereitos de autor/a da tese de doutoramento e publicación no Repositorio Institucional (RUC)

Todas as teses de doutoramento da UDC, logo de ser aprobadas, son arquivadas na Biblioteca Universitaria. Ademais, en cumprimento do Real decreto 99/2011, modificado polo RD 576/2023 de 4 de xullo, todas as teses son difundidas en acceso aberto no Repositorio Institucional da UDC (RUC).



3.1. Elección de dereitos de publicación da tese no RUC

O/A autor/a, dende o momento da súa creación ten todos os dereitos sobre ela e pode elixir que a súa tese se publique con *Todos os dereitos reservados* ou baixo unha Licenza Creative Commons (CC).

Esta elección de licenza realizarase a través do documento:

[Declaración do/a autor/a da tese para o depósito no Repositorio da UDC \(RUC\)](#)

No caso de elixir **Todos os dereitos reservados**, non é preciso engadir esta declaración na propia tese, xa que é a licenza por defecto que ten calquera creación.

No caso de elixir unha **Licenza Creative Commons**, ésta aparecerá no rexistro da tesis no RUC; pero, recoméndase inserir a citada declaración na propia tese de doutoramento. Desta forma, calquera usuario/a que consulte o PDF da tese terá información sobre os usos permitidos polo/a autor/a.

Recoméndase engadir no reverso da portada ou nunha páxina inicial o logotipo correspondente a *Creative Commons*.

Para máis información, consultar o [Anexo I. Información sobre as modalidades de licenza que se poden elixir para a tese de doutoramento](#).

3.2. Circunstancias de dereitos excepcionais que poden afectar á publicación en acceso aberto de teses de doutoramento

- Teses presentadas con protección de dereitos de autor: afectadas por un acordo de confidencialidade con empresas ou institucións ou que teñan posibilidade de xerar patentes.

Neste caso, o/a autor/a debe presentar:

- Un exemplar completo, que se depositará en acceso pechado, exclusivamente para a súa conservación. Cando expire o período de confidencialidade, o/a autor/a solicitar, achegando probas das novas circunstancias, a súa substitución no RUC pola versión completa.
- Outro exemplar que non inclúa o contido das partes suxeitas a confidencialidade ou xeración de patentes. Esta copia depositarase en acceso aberto.

- Teses presentadas por compendio de publicacións e nas que os dereitos de autor dalgún artigo foron cedidos a unha editorial que non autoriza o depósito en acceso aberto.

Para determinar se poden publicarse no repositorio a tese coas súas publicacións orixinais é necesario consultar as páxinas do editor que recolle a política de dereitos de autor. En moitos casos, a publicación está permitida; noutros, débese solicitar permiso á editorial; e nalgúns casos, a publicación non está permitida.

Cando os artigos da tese non se poidan publicar no repositorio, o/a autor/a debe presentar:

- Un exemplar completo en formato dixital exclusivamente para fins de conservación. Este exemplar depositarase en acceso pechado. Unha vez feitas as proteccións axeitadas ou cando expire o período de embargo establecido pola editorial, o/a autor/a poderá solicitar, tras achegar probas destas circunstancias, a súa substitución pola versión completa.
- Outro exemplar dixital que inclúa o contido non afectado pola cesión de dereitos de autor e a(s) referencia(s) bibliográfica(s) da parte que non se pode publicar. Esta copia depositarase en acceso aberto.



- Teses que estea previsto publicar como libro ou, algunhas das súas partes, como artigos. Neste caso, o/a autor/a poderá solicitar que a publicación da tese se demore 12 meses desde a súa aprobación. Transcorrido o período de embargo de 12 meses, a tese estará dispoñible en acceso aberto. Durante este período de embargo, o/a autor/a poderá solicitar en calquera momento que a súa tese sexa de acceso aberto, enviando unha solicitude a ruc@udc.es

Para máis información, consulta de dúbidas ou aclaracións sobre a publicación no Repositorio Institucional (RUC), póñase en contacto co Servizo de Biblioteca neste enderezo: ruc@udc.es



Anexo I. Información sobre as modalidades de licenza que se poden elixir para a tese de doutoramento

A consulta das teses de doutoramento da UDC a través do RUC é de libre acceso, pero o/a autor/a da tese de doutoramento, como titular dos dereitos de propiedade intelectual, ten que decidir os usos que permite sobre a súa obra a través da elección dunha das seguintes dúas modalidades:

- **Todos os dereitos reservados.** A elección desta modalidade significa que para facer calquera uso da tese é preciso solicitar permiso expresamente do/a autor/a, coas excepcións previstas na Lei de Propiedade Intelectual (copia privada, dereito de cita, ilustración para o ensino).
- **Licenza Creative Commons (CC).** Con esta licenza, o/a autor/a pode indicar os usos que autoriza sen necesidade dunha petición expresa.

Todas as licenzas *Creative Commons* permiten a reprodución, distribución e comunicación pública sen que sexa precisa a autorización da persoa autora, sempre coa obriga do recoñecemento da autoría.

As licenzas *Creative Commons* son amplamente coñecidas, teñen recoñecemento internacional e son fáciles de entender, tanto para o/a autor/a como para o/a usuario/a, que pode saber para que usos da tese está autorizado. Esta claridade nos usos favorece a visibilidade da obra e do/a autor/a.

As licenzas CC actualmente vixentes son estas:

	CC BY-NC-ND. Permite a reprodución total ou parcial e a comunicación pública da obra con recoñecemento da autoría. Non se permite o uso comercial nin a creación de obras derivadas (traducións, adaptacións son obras derivadas). É a licenza máis restritiva.
	CC BY. Permite a reprodución total ou parcial, a distribución, a comunicación pública da obra e a creación de obras derivadas, incluso con finalidade comercial. Obriga ao recoñecemento da autoría. É a licenza menos restritiva.
	CC BY-NC. Permite a creación de obras derivadas, con recoñecemento de autoría e sen fin comercial.
	CC BY-NC-SA. Permite a creación de obras derivadas, con recoñecemento de autoría e sen fin comercial, coa obriga de licenciar as novas creacións baixo as mesmas condicións.
	CC BY-SA. Permite o uso comercial da obra e das posibles obras derivadas, con recoñecemento de autoría e a obriga de licenciar as novas creacións baixo as mesmas condicións.
	CC BY-ND. Esta licenza permite o uso comercial con recoñecemento de autoría, pero non a creación de obras derivadas.



A difusión no RUC e a elección dunha destas licenzas non exclúe en ningún caso que a persoa autora poida comercializar a obra ou facer calquera outro uso dela, xa que a titularidade da obra é súa e mantén todos os dereitos de autoría, morais e de explotación sobre a mesma.

A persoa autora debe facer constar a elección de licenza na [Declaración do/a autor/a da tese para o depósito no Repositorio da UDC \(RUC\)](#), indicando unha das opcións. En caso de non escoller ningunha, publicarase no RUC con *Todos os dereitos reservados*.

No caso de usar *Creative Commons*, recoméndase ademais inserir a información da licenza na propia tese de doutoramento. Desta forma, calquera usuario/a que acceda directamente ao PDF da tese desde un buscador e non desde o rexistro no RUC terá información na propia tese sobre os usos permitidos.

Como xerar unha *Creative Commons*?

- A solicitude dunha licenza *Creative Commons* é completamente gratuíta e non é preciso rexistrar a tese en ningunha páxina.
- Para xerar unha licenza, débese elixir na web de *Creative Commons* a licenza que se vai usar (https://creativecommons.org/choose/?lang=es_CO). A web de *Creative Commons* dispón dun tutorial para axudar na elección de licenza.
- Despois de elixir a licenza, recoméndase inserir na tese de doutoramento o logotipo e o texto correspondente no reverso da portada ou nunha páxina inicial (tamén na versión dixital da tese). Estes datos proporciónaos *Creative Commons*.

Por exemplo:



Esta obra está baixo una [Licencia Creative Commons Atribución-NoComercial-SinDerivar 4.0 Internacional](#).